

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1.- Modelo de proba obxectiva para os distintos cursos.

As probas dos diferentes niveis constarán dunha parte teórica e outra práctica distribuídas do seguinte xeito:

1º ESO:

a.- Proba teórica:

- 1.- Definición de conceptos xeográficos e históricos, feitos e personaxes históricos.
- 2.- Desenvolver cuestións concretas sobre un tema.
- 3.- Preguntas de opción múltiple.

b.- Proba práctica:

- 1.- Localizar nos mapas as principais culturas da antigüidade e os diferentes aspectos xeográficos: físicos, políticos e temáticos.
- 2.- Elaborar e/ou comentar gráficos, series estatísticas e resolver problemas xeográficos.
- 3.- Ordenar e interpretar un eixe cronolóxico.

2º ESO:

a.- Proba teórica:

- 1.- Definición de conceptos xeográficos e históricos, feitos e personaxes históricos.
- 2.- Desenvolver cuestións concretas sobre un tema.
- 3.- Preguntas de opción múltiple.

b.- Proba práctica:

- 1.- Comentar ou realizar mapas históricos ou xeográficos.
- 2.- Ordenar un eixe cronolóxico.
- 3.- Facer un comentario guiado sobre un texto histórico.

3º ESO:

a.- Proba teórica:

- 1.- Definición de conceptos xeográficos, e históricos, feitos e personaxes históricos.
- 2.- Desenvolver cuestións concretas sobre un tema.
- 3.- Elaboración de esquemas ou cadros comparativos.

b.- Proba práctica:

- 1.-Comentario guiado dun texto, gráfico, estatística ou resolución dun elemental problema xeográfico.
- 2.- Ordenar un eixe cronolóxico.
- 3.- Comentario dun mapa temático.
- 4.- Facer un comentario guiado sobre un texto histórico.

4º ESO:

a.- Proba teórica:

- 1.- Definicións de conceptos, acontecementos e personaxes históricos.
- 2.- Desenvolvemento dun tema ou elaboración de esquemas e cadros comparativos.

b.- Proba práctica:

- 1.- Comentario guiado dun texto
- 2.- Elaboración e comentario de mapas e gráficos.
- 3.- Cronoloxía e/ou series de relacións.

1º BAC:

Historia do Mundo Contemporáneo:

a.- Parte teórica: (60 da nota do exame).

- 1.- Definicións de conceptos, acontecementos e personaxes.
- 2.- Elaboración de esquemas ou cadros comparativos.

b.- Parte práctica: (40% da nota do exame).

- 1.- Cronoloxía.

- 2.- Comentario guiado dun texto.
3.- Comentario de mapas históricos.

2º BAC:Historia de España:

O Departamento segue o modelo de probas escritas deseñado polo Grupo de Traballo de Historia de España da CiUG para as probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU). Os exames contarán con unha pregunta de definición de conceptos cunha puntuación ata dous puntos; unha pregunta teórica cunha puntuación de ata tres puntos e unha composición histórica a partir de textos e/ou documentos cunha puntuación de ata cinco puntos.

1.- Definicións de termos:

- Os termos seleccionaranse de entre o listado de 70 termos incluído na relación de contidos avaliábeis.
- O alumnado disporá de capacidade de elección: poderá escoller 4 termos entre os 6 que se lle faciliten.
- A selección dos termos será fixa:
 - ✓ 3 corresponderán sempre ao período contemporáneo (1 do século XIX e 2 do século XX).
 - ✓ 3 corresponderán ás demais etapas históricas (de bloques de contido distintos, cunha distribución aleatoria).

2.- Pregunta a desenvolver:

- As preguntas corresponderán aos bloques de contido 1, 2, 3 e 4 (da Prehistoria ao século XVIII).
 - ✓ A distribución das preguntas será a seguinte: preguntas de bloques distintos, sen que exista unha orde fixa segundo a opción A ou B.
 - ✓ Amplíase o grao de optatividade: o alumnado deberá elixir 1 pregunta de entre 3 posibles.

3.- Composición de texto histórico:

- A composición será sempre de Historia Contemporánea e as opcións fixas:
 - ✓ opción A: século XIX
 - ✓ opción B: século XX
- A composición constará dun máximo de tres documentos, podendo tratarse só de textos ou de textos e unha pequena táboa. Algún deses documentos poderá referirse eventualmente á realidade galega.

En cada avaliación realizaranse, polo menos, dous exames. Os criterios de cualificación dos mesmos son os establecidos pola CiUG.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN XENÉRICAS

1.- Definición de conceptos - Valor: ata 0'5 puntos por concepto		
SUSPENSO	0 - 0,10	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
SUSPENSO	0,15 - 0,20	Resposta confusa ou incompleta.
APROBADO	0,25 - 0,30	Resposta correcta, que responde ao esencial e presenta unha contextualización básica.
NOTABLE	0,35 - 0,40	Resposta correcta, ben contextualizada, con aclaracións adicionais.
SOBRESALIENTE	0,45 - 0,50	Resposta correcta, ben contextualizada, con aclaracións adicionais, ben exposta e axustada á extensión recomendada.

2.- Pregunta para desenvolver - Valor: ata 3 puntos		
SUSPENSO	0 - 0,60	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
SUSPENSO	0,90 - 1,20	Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos
APROBADO	1,50 - 1,80	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema nas súas liñas xerais.
NOTABLE	2,10 - 2,40	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema, incluíndo precisións e aclaracións.
SOBRESALIENTE	2,70 - 3,00	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema, incluíndo precisións e aclaracións. Resposta razoada e coherente que demostra capacidade argumentativa e de síntese, axustándose á extensión máxima recomendada.

3.- Composición histórica: valor ata 5 puntos - A rúbrica parte dos seguintes presupostos:

- O que non se debe facer:
- ✓ Limitarse a reproducir os documentos (paráfrase).
 - ✓ Non utilizar os documentos. O exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade histórica partindo dos documentos e da información que os acompaña.
- O que se debe facer:
- ✓ Utilizar os documentos na redacción (como mínimo cítalos no texto redactado. Valoraranse referencias adicionais: datos ou argumentos que figuren neles)
 - ✓ Contextualizar os documentos (como mínimo incluír unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos).
 - ✓ Analizar os documentos (como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais).
 - ✓ Completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como "cuestións a atender").
 - ✓ Desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si (seguir a orde das "cuestións a atender" ou desenvolver unha orde alternativa).

3.- Composición histórica - Valor: ata 5 puntos		
MOI DEFICIENTE	0 - 1,00	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
DEFICIENTE	1,50 - 2,00	A resposta mestura paráfrase dos documentos con algunha xeneralidade (1,5) A resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2)
APROBADO	2,50- 3,00	A resposta trata parte das cuestións sinaladas na introdución, cita os documentos, contextualízalos parcialmente e fai algún comentario do seu contido. A redacción e a argumentación son correctas en liñas xerais.
NOTABLE	3,50- 4,00	A resposta desenvolve todas as cuestións sinaladas na introdución, cita e contextualiza ben os documentos e analiza parte do seu contido. A redacción é precisa e o texto está ben argumentado.
SOBRESALIENTE	4,50 - 5,00	A resposta desenvolve con solvencia as cuestións sinaladas na introdución ou engade cuestións adicionais. Cítanse e contextualizan ben os documentos e faise un análise en profundidade deles. A redacción é precisa, o texto está ben argumentado e fai uso de vocabulario específico.

Xeografía:

Ao igual que no resto das materias de 2º de bacharelato, os exames seguirán os modelos e criterios da avaliación da CiUG. Os exames terán unha primeira pregunta con definición de conceptos xeográficos cunha puntuación de ata dous puntos; unha parte teórica de desenvolvemento dun tema cunha puntuación de ata tres puntos e unha parte práctica consistente na localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica de documentos gráficos relacionados coas destrezas e habilidades xeográficas fundamentais cunha puntuación de ata cinco puntos.

En cada avaliación realizaranse, polo menos, dous exames. A duración das probas escritas será a mesma que ten estipulada a Universidade para as probas ABAU.

2.- Criterios xerais de cualificación de exames.

O Departamento terá en conta os seguintes criterios para cualificar cada unha das probas obxectivas que se realizarán en cada avaliación:

- Asimilación de contidos conceptuais e procedementais.
- Capacidade de expresión axeitada a cada contexto.
- Grao de adquisición das competencias básicas.
- Capacidade de organización e asociación de ideas.
- Corrección ortográfica e sintáctica.

Realizaranse polo menos dous exames por avaliación. A cualificación final das probas obxectivas en cada avaliación será a media da nota obtida en cada exame, sempre que esta sexa igual ou superior a tres puntos. En ningún caso se fará media con nota inferior a 3 puntos. A finalidade é que o alumno traballe e asimile todos os contidos, xa sexan conceptuais ou procedementais, desenvolvidos en cada avaliación, que non intenten "compensar" uns cos outros. Para a súa aplicación práctica, véxanse os modelos de proba establecidos.

En calquera curso e materia, se un alumno é sorprendido intentando copiar nun exame por calquera medio será cualificado cun cero (0) e suspenderá a avaliación. Deberá recuperala nas probas de recuperación que determine o Departamento. No caso dos exames finais de xuño ou setembro suspenderá a materia.

3.- Outros instrumentos de avaliación.

Como xa apuntamos, as probas escritas son un instrumento fundamental de avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos, pero non constitúen o único instrumento de avaliación. O Departamento valorará asemade os seguintes aspectos:

- Asistencia regular ás clases. Enténdese que a asistencia ás clases é condición imprescindible para poder aplicar a avaliación continua.
- Participación no desenvolvemento das actividades lectivas, rexistrada e cualificada nas fichas de seguimento dos alumnos.
- Realización e corrección sistemática das tarefas encomendadas, recollidas no caderno de clase do alumno.
- Traballos de investigación, monografías, resumos e outras actividades realizadas polos alumnos.
- Exposición e posta en común dos traballos na aula.
- Participación nos debates que se propoñan.
- Comportamento na aula: respecto das normas de convivencia.

4.- Procedemento de cualificación.

4.1.- Cualificacións parciais.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da consideración global dos diferentes instrumentos referidos:

- ESO: a cualificación obterase de sumar a media ponderada dos diferentes exames (80% da nota final), máis a valoración da asistencia e do seu traballo diario na clase, (10%), e o respecto das normas de convivencia do centro (10%).
- BAC: a cualificación obterase de sumar a media ponderada dos diferentes exames (90% da nota final), máis a valoración do seu traballo diario na clase, do seu comportamento e da súa actitude diante dos profesores e compañeiros de estudo (10%).

4.2.- Cualificacións finais.

A avaliación continua implica que o alumno debe ser avaliado do conxunto de contidos que vai adquirindo progresivamente ao longo do curso, e non só dos contidos que se desenvolveron nun trimestre concreto. Por outra banda, tamén supón que o alumno que suspende unha avaliación pode recuperar na avaliación seguinte, mediante a realización das actividades que se determinen; polo mesmo, o alumno superará a materia se obtén unha cualificación positiva na avaliación final.

Os alumnos que ao rematar a terceira avaliación non superasen ningunha das tres avaliacións deberán presentarse á proba extraordinaria de setembro. Aqueles alumnos que teñan pendente de superación unha ou dúas avaliacións presentaranse a unha proba extraordinaria elaborada polo profesor de cada materia. A cualificación positiva na mesma suporá que o alumno aproba a materia na avaliación final ordinaria. A cualificación negativa suporá que o alumno suspende a materia e deberá presentarse na convocatoria extraordinaria prevista para o mes de setembro.

4.3.- Proba extraordinaria de setembro.

Os exames de setembro son únicos e comúns para todos os alumnos de cada curso. Serán elaborados conxuntamente polo Departamento seguindo o modelo de proba obxectiva que se utiliza ao longo de do curso

ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES

A recuperación de pendentes estará coordinada pola xefe do departamento que, conxuntamente cos profesores que imparte este ano a materia obxecto de avaliación, elaborarán os exercicios e actividades para cada unha das avaliacións e as probas dos diferentes exames. Cada profesor fará o seguimento dos alumnos que teñen pendentes nos seus cursos: entrega e recollida de material e exercicios para cada avaliación e corrección das probas.

A recuperación da materia pendente farase tendo en conta os exercicios e exames realizados para cada unha das avaliacións e que puntuarán da seguinte forma:

- Exercicios e/ ou traballos de recuperación (25% da nota).
- Controles escritos sobre as actividades e exercicios realizados (75% da nota).

As tarefas de recuperación centraranse nos contidos mínimos de cada nivel e en fomentar o traballo persoal dos

alumnos. Realizaranse dous exames ao longo do curso para facilitar o reparto de contidos e evitar a súa excesiva concentración. Para os alumnos que non entreguen as tarefas, suspendan ou non se presenten ás probas convocadas, o departamento preparará unha proba global, antes de finalizar o curso seguindo o calendario marcado pola xefatura de estudos.